



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

Sr. Alcalde Presidente  
do Concello de Vigo

PAGAMENTO DOS PREZOS XUSTOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS  
BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO LMTS SDM711 E  
SUBSTITUCIÓN CTI SANTA MARÍA RANS 36AGR1 POR CT. IN407A 2022/425-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta dirección territorial resolveu sinalar o día **7 de marzo de 2025**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia, nas dependencias da casa do concello, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta dirección territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A directora territorial  
Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LOPEZ DEL OLMO, BEATRIZ  
Cargo: Directora Territorial  
Data e hora: 19/11/2024 12:14:32

CVE: jppFvVCCjZ  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
Servizo de Coordinación Industrial  
Praza da Estrela s/n  
36201 Vigo

1950

REPORT OF THE COMMISSIONER OF THE GENERAL LAND OFFICE

IN RESPONSE TO A RESOLUTION OF THE HOUSE OF COMMONS PASSED ON 17th FEBRUARY 1949

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN

BY THE HON. THE MEMBER FOR BIRMINGHAM (CENTRAL) CONCERNING THE PROGRESS OF THE SALE OF THE LANDS BELONGING TO THE CROWN



Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado LMTS SDM711 e substitución CTI Santa María Rans 36AGR1 por CT, no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2022/425-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta directora territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 7 de marzo de 2025, ás 13 horas, na casa do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante deste Departamento Territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

**LMTS SDM711 e substitución CTI Santa María Rans 36AGR1 por CT**

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular
1	54057A047000080000AX	Rans	Carmen Rodríguez Fernández
2	54057A047000070000AD	Rans	Carmen Vieitez Rodríguez
3	54057A047000060000AR	Rans	Ramón Simón Vieitez

Astinado por: LOPEZ DEL OLMO, BEATRIZ  
Cargo: Directora Territorial  
Data e hora: 19/11/2024 12:14:32

CVE: qCFV0BAwcd4R6  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
Servizo de Coordinación Industrial  
Praza da Estrela s/n  
36201 Vigo